

Actividades para proxectos | Inclusión

Secundaria. 12 a 18 anos

Contando historias de hoxe!

	Educación Secundaria 12 a 18 anos	
	Nivel Medio	
	Temporalización 22 sesións	
	Socios Máximo socios	4-5

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Nas nosas escolas e localidades conviven connosco persoas doutras nacionalidades. Preguntámonos, **quen son e cales son as súas historias?**

Fanse grupos de alumnos que van investigar quen son eses compañeiros, e amplíase a localidade, buscando información no concello. Cos resultados fanse **fichas creativas e imprímense facendo un mural**.

Complétase o proxecto cunha **Festa Multicultural** -“Multicultural Party”- en cada centro participante con degustación de comida ou doces típicos de todos os países, música de diferentes estilos... Invítase as familias e o resto de profesores.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Coñecer as diversas nacionalidades que conviven connosco fomentando a participación dos alumnos e o entendemento mutuo
- Visibilizar a diversidade cultural nos centros educativos e fomentar a integración sociocultural
- Aprender e desenvolver técnicas de enquisas, investigación e traballo en equipo

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os docentes rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves de acceso, que posteriormente lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Creación dos grupos

Os docentes organizan os alumnos en equipos internacionais, 2 ou 3 alumnos por país, dependendo do número de países participantes. Recoméndase que non sexan equipos moi numerosos. Máximo 6 alumnos por equipo.

Elabórase unha táboa informativa cos alumnos participantes en cada equipo que van **deseñar un cuestionario** para pasalo polas clases dos alumnos inmigrantes doutros países.

Paso 3. Preparación das páxinas de actividades e subpáxinas

Os profesores crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos que posteriormente se poden ampliar:

- Páxina coa **planificación do proxecto** cos obxectivos, coa temporalización, coas actividades que se teñen que realizar, cos países e cos centros escolares participantes
- Páxina coa **táboa dos equipos internacionais** xunto a un docente que exercerá de titor do equipo
 - Unha **subpáxina para cada un** dos equipos internacionais que albergará o cuestionario producido
- Páxina coa lista de **centros escolares-socios participantes**.
 - **Subpáxina para cada un** deles onde se almacena a información dos alumnos inmigrantes do seu centro
- Páxina das **localidades** dos socios
 - **Subpáxina para cada unha delas** onde se almacena a información dos alumnos inmigrantes da localidade
- Páxina para as fotos **dos murais** creados en cada centro-socio polos alumnos
- Páxina para as fotos e videoreportaxes da **Festa Multicultural**
 - **Subpáxina para cada centro** que a celebre



Paso 4. Preparación de carpetas de Materiais

Os docentes crean carpetas no módulo **Materiais** do TwinSpace:

- Unha carpeta de **Documentos** do proxecto
- Carpetas de **Imaxes** para cada un dos centros socios
- Carpeta de **Imaxes para os murais** como produtos finais
- Carpeta de **Vídeos**, para gardar as videoreportaxes realizadas por cada un dos centros educativos participantes do desenvolvemento da Festa Multicultural

Paso 5. Preparación dos Foros

Os profesores abren un **Foro para votar** e elixir o cuestionario gañador así como un **Foro Avaliación**, coas valoracións finais do proxecto.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 1. Presentación do proxecto e do TwinSpace

O profesor **presenta o proxecto e os socios**; accédese á páxina web institucional dos centros participantes. Localízanse no mapa os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, editan e completan os seus perfís no TwinSpace e toman contacto co seu equipo

Accións que ten que realizar cada alumno:

- **Escribir a súa presentación:** localidade, país de nacemento, hobbies, familia, pero ningún dato tal como o teléfono ou o enderezo postal
- **Subir unha foto ao perfil** ou unha imaxe que o represente
- **Ir á páxina coa táboa dos equipos** e coñecen cal é o seu
- **Deixar mensaxes nos perfís** dos membros do seu equipo, de maneira positiva e que fomente a interacción. Engadirán ademais palabras ou mensaxes nas súas propias linguas. Pódense empregar tradutores en liña
- Unha vez que sabe a que equipo pertence, **ir á subpáxina do equipo** correspondente, onde traballará a partir de agora



Paso 2. Elaboración e elección do cuestionario

- Cada grupo internacional, a través do TwinSpace (pódese abrir un foro para isto, enviar mensaxes ou comunicarse mediante chat) **deseña un cuestionario con preguntas básicas** dirixidas aos alumnos inmigrantes para conseguir información sobre a procedencia, lingua, relixión, motivos para emigrar, dificultades que atoparon estes alumnos, lembranzas, experiencias... Pódese empregar algunha ferramenta externa ao TwinSpace para crear cuestionarios dixitais como [docs](#) (ou similar), que tamén se poden imprimir.
- **Publícanse os distintos cuestionarios no TwinSpace**, na subpáxina correspondente a cada equipo.
- **Consúltanse e lense as subpáxinas dos equipos** para valorar os distintos cuestionarios realizados; e, deseguido, participase no **Foro para votar** e elixir o mellor cuestionario.
- **Fanse fotos** dos equipos de alumnos traballando no deseño dos cuestionarios, na sala de ordenadores traballando no TwinSpace, ou coas tabletas...
- Fanse comentarios e escríbense entradas no **Diario do Proxecto**.

Paso 3. Pásase o cuestionario seleccionado e elabóranse as fichas

- Os alumnos de cada centro-socio, distribuídos en grupos/equipos pasan o cuestionario elixido polas clases e sacan a información
- Cada equipo nacional **extrae a información dos cuestionarios** e comeza a elaborar as fichas dos alumnos inmigrantes nos seus respectivos centros, con algún programa dixital como Befunky, kizoa... ou algún similar
- **Distribúense as tarefas que hai que realizar:** busca de imaxes e textos, de todos os países de procedencia dos alumnos inmigrantes e publícanos no TwinSpace, na **subpáxina dos seus centros escolares**
- Termínanse de elaborar as **fichas de cada alumno** coa información do alumno e do seu país de procedencia
- Fanse fotos e escríbense entradas no **Diario do Proxecto**



Paso 4. Visita o concello da localidade

- Os profesores coordinadores **concertan unha visita e entrevista co concelleiro correspondente de Asuntos Sociais** e infórmano do proxecto que están realizando e dos seus obxectivos
- **Durante a visita recóllese información** relativa á poboación inmigrante da localidade: número, país de procedencia, idades...
- Fanse fotos da actividade e escríbese unha entrada no **Diario do Proxecto**
- **Analízase e selecciónase a información** recollida no concello
- **Distribúense as tarefas que teñen que realizar os grupos nacionais:** busca de imaxes, textos, vídeos... de todos os países de procedencia dos habitantes inmigrantes da localidade. Cada grupo nacional investiga 1 o 2 países. Se a idade dos alumnos e os medios técnicos dos centros escolares socios o permiten, pódeseles propoñer unha **videoconferencia-debate** para analizar e reflexionar sobre as diferenzas/similitudes das historias dos inmigrantes en cada centro/localidade
- Elabórase unha **ficha para cada país** de procedencia
- Publícase no TwinSpace, na **subpáxina das súas localidades**

Paso 5. Exposición do mural coas fichas

- Os equipos e os profesores coordinadores **preparan o mural** nalgunha parede do centro educativo:
 - imprímense e prepáranse as fichas dos alumnos inmigrantes do centro
 - imprímense as fichas dos países de procedencia das familias da localidade
 - débúxase, córtase e pégase o título do cartel co nome do proxecto e cos logros de eTwinning, de Erasmus+ e do proxecto mesmo.
- **Confecciónase e expónse o mural** coas fotos e coa información dos alumnos e das características dos países
- **Fanse fotos e súbense ao TwinSpace**, á páxina de **Murais** e faise unha entrada no Diario do Proxecto
- Profesores e alumnos **ven e valoran os murais dos demais países** participantes publicados no TwinSpace do proxecto no que se está traballando
- Se a idade dos alumnos e dos medios técnicos dos centros escolares socios o permiten, pódese propoñer **unha videoconferencia final** para valorar os resultados do proxecto e o que supuxo para os alumnos e docentes participantes

Paso 6. Festa Multicultural con degustación de pratos típicos

- **Redáctanse circulares explicando a actividade** dentro do proxecto eTwinning: *unha “Multicultural Party”, en cada centro participante con degustación de comida ou doces típicos de todos os países de procedencia dos alumnos inmigrantes, música...* e pedíndolles colaboración ás familias e ao resto de profesorado. Imprímense e repártense. Invítase aos pais e ao resto de profesores
- **Fíxase a data**, en coordinación co resto dos países participantes, e planifícase coa dirección do centro escolar e co departamento de actividades extraescolares
- **Distribúense tarefas entre os equipos**, para o día da festa. Calcúlase o orzamento e mobiliario necesario (mesas, música, proxector, micrófono...)
- Celébrase a festa. Fanse fotos, vídeos... (non conta como sesión)

- **Compártense as fotos e os vídeos no TwinSpace**, na páxina da Festa Multicultural
- Profesores e alumnos **crean unha videoreportaxe coas fotos feitas por todos os socios**. Sóbese ao TwinSpace cunha entrada final no Diario do proxecto

Paso 7. Avaliación final

- **Vense e valóranse os vídeos** subidos polos demais países na páxina da Festa Multicultural
- Participación no **Foro de Avaliación** e entrada no **Diario do Proxecto**

Fase 3: Recollida de datos e promoción

- Fanse públicas desde o comezo do proxecto, as páxinas do proxecto coa **información xeral** e cos **resultados finais** (Enquisas, Murais, Festa Multicultural e videoreportaxe)
- Vaise escribindo o **Diario do proxecto**, contando o seu desenvolvemento en cada centro educativo participante. Cada semana, un alumno de cada país fai un comentario, pode agregar unha foto na que se vexa os alumnos traballando no proxecto
- **Publícase información sobre o proxecto na páxina web institucional do IES** e nas **redes sociais** como a páxina de Facebook / Twitter do centro
- Inclúese **na web do centro unha ligazón directa ao TwinSpace**
- **Publícanse os pósters, fotos... do proxecto na televisión (tv) do centro** (que informa sobre as actividades realizadas polos diversos departamentos)
- Publicación no **xornal escolar** do proxecto eTwinning
- Publicación en **prensa escrita local e dixital dun artigo** explicando as características, obxectivos e resultados do proxecto.

Falamos isto. Os nomes terían que ser ficticios, non? Pola lei de protección do menor e de protección de datos... pois si. Sempre é bastante contradictorio: se os coñecemos e os queremos visibilizar hai que saber nomes e historias persoais... e, daquela, vén a protección de datos. E se non facemos isto, descoñecémolos e ignorámoslos. As dúas cousas non poden ser á vez.

Engadín algo ao respecto, para que cada docente o considere e teña conciencia diso

Para crear conciencia, temos que coñecer o alumnado, as persoas que nos rodean.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- **Cuestionario** de recollida de datos
- **Documentos**
 - **Fichas** cos alumnos e cos seus países de procedencia
 - **Fichas dos países de procedencia** dos inmigrantes da localidade
- **Mural coas fotos, nomes e países** de procedencia dos alumnos
- **Festa multicultural** con alumnos, familias e profesores
- **Videoreportaxe** da festa
- **Artigo** en prensa escrita e dixital

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas, foro TwinSpace, Materiais (Carpetas),
- Google-docs: **elaboración en liña de cuestionarios**
- Programas para **deseñar fichas creativas** en liña: BeFunky.com ou similar, para engadirilles texto ás imaxes ou fotos
- **Internet**: busca de información, fotos, imaxes, música e vídeos dos países dos alumnos
- Programas para montar **vídeos con fotos** como Movie-Maker, Animoto.com, Photopeach.com, Kizoa.com... ou similares
- Facebook, Twitter, Google+... para a difusión

TEMPORALIZACIÓN

- Sesión 1: Presentación **do proxecto e dos socios**
- Sesión 2: Repartición **das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto**
- Sesión 3: **Completar perfís dos alumnos**, toma de contacto cos membros do equipo
- Sesións 4, 5, 6: Os equipos **elaboran e elixen o cuestionario** que se pasará no resto das clases. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto.
- Sesión 7: Pásase o cuestionario polas clases e recóllese, nunha única sesión
- Sesión 8: **Baleirado da información** dos cuestionarios. Elaboración da listaxe de alumnos e curso ao que pertencen
- Sesión 9: Cada equipo **busca información, investiga e recompila material** dos países de procedencia deses alumnos. Sóbese ao TwinSpace
- Sesión 10: **Elabóranse as fichas** cos datos atopados e coas fotos. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto
- Sesión 11: **Visítase o concello** da localidade e conséguese información sobre as diversas nacionalidades que conviven na localidade. Entradas no Diario do Proxecto.

- Sesión 12: **Organízase a información** e distribúese a tarefa que hai que investigar.
- Sesión 13: **Investígase e recompílanse datos** sobre os países de procedencia das familias que conviven na nosa localidade. Fanse fichas dos países
- Sesión 14: Sóbese a información ás carpetas, páxinas e subpáxinas do TwinSpace. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto
- Sesión 15: **Prepárase o mural** así como as fichas, as fotos e os carteis da exposición. Fotos da actividade.
- Sesión 16: **Constrúese o mural** pegando o material seleccionado.
- Sesión 17: Fanse **fotos e publícanse no TwinSpace**. Entradas no Diario do Proxecto.
- Sesión 18: **Visiónase e analízase a información dos demais equipos subidas ao TwinSpace**
- Sesión 19: Preparación da **Festa Multicultural**
- Sesión 20: **Distribúense tarefas entre os equipos** para o día da festa
- Sesión 21: **Compártense as fotos no TwinSpace**, na páxina da Festa Multicultural
- Sesión 22: **Créase unha videoreportaxe coas fotos feitas por todos os socios**. Sóbese ao TwinSpace cunha entrada final no Diario do proxecto.
- Sesión 23: **Vense e valóranse os vídeos** subidos polos demais países
- Sesión 24: Participación no **Foro de Avaliación**



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)

